

Naufraxios da realidade

Un remuíño de pensamentos alterados



DOLORES MARTÍNEZ TORRES


Antón Dobao, lingüista, tradutor, director e guionista audiovisual, profesor e poeta de ampla traxectoria, publica desta vez o seu primeiro libro de relatos en prosa. Trece contos breves cun denominador común: a disolución da realidade aparente noutros mundos alternativos; ás veces, para horror dos protagonistas; ás veces, como alivio ás súas insupportables circunstancias.

Todas as historias comparten un ritmo e unha estrutura semellantes: un narrador relata, en primeira persoa, unha situación normal, cotiá, onde a acción avanza, mesturada coas súas propias reflexións e recordos, de xeito que, a través do seu filtro de percepcións e interpretacións -en calquera caso, subxectivo-, constrúe unha certeza que semella sólida e da que o lector participa; ata que, de súpeto, a introdución dun suceso ou dunha presenza inesperada serven de detonante para o cataclismo. Esa néboa que cae sen avisar e apaga os contornos do mundo; unha confusa conversa telefónica; as ensoñacións dun alumno aburrido, as manías de escritor ou as sempre inquietantes lúas dos espellos poden volveirse, repentinamente, coma nunha psicose, vertixinosas portas cara ao descoñecido; e así o familiar convírtese no “unheimlich”, no sinistro, no que dá medo porque está aí e mais non debería, o que “imita un soño e mais non o é”. Nestes relatos pódense atopar distintas variantes dese naufraxio da realidade establecida -o que, en última instancia, alude á xénese da realidade mesma-, segundo unha longa tradición que conta con notables referentes na filosofía, na psiquiatría e na arte, de Freud a Matrix, de Hoffmann a Kafka, de Vico a Topor. Entre elas: o concepto do “dobre” -na liña temporal, na conversa, no enterro- e o subsecuente problema da sincronicidade imposible; o terror a ser definitivamente outro; a negación do poder da

morte e desta como fin; a incómoda relación entre humanos e máquinas; a sensación de atoparse perdido e desandar o andado, só para comprobar, con arrepío, que idénticos camiños desembocan en sitios diferentes; a insistente repetición de actos cuxa insistente repetición fai precisamente que perdan o sentido... Identidade e aparencia, o exterior e o interior borrar as súas fronteiras e sacoden os protagonistas destes contos, que, situados no limiar do paradoxo, se verán tras-

comodidade orixinan novas escravitudes e a “normalidade”, o que nunca se cuestiona, vomita frustracións e malestar e angustia. Hai erros no sistema. E nos contos non falta intención de denuncia. Velai a didáctica d’“A chave de alcatrán”, as críticas ao traballo inhumano n’“A encrucillada” e ás veleidades do novo becerro de ouro en “Valor de produción”; pola súa parte, tanto “Pola memoria do teu pai” coma “O rostro da muller de Aldrei” ilustran a cruel perversidade en que ás veces deriva o servilismo bruto.

Aínda que



XIRO FINAL

DE CADA

CONTO

RECOMPENSA

A LECTURA

ladados a un punto de non-retorno, ben sexa por destino ou ben por elección.

A realidade inicial, o punto de partida do contraste, tampouco parece, na maioría dos casos, un lugar idílico. Preséntase máis ben alienante, fría, cegada e enlaxada pola tecnoloxía e a cobiza. Os obxectos e as institucións creados para a

poida botarse en falta algo de humor, e que os personaxes resulten, ás veces, parecidos de máis nas súas circunstancias e no “remuíño de pensamentos alterados” que compoñen o seu discurso narrativo, o xiro final dos contos recompensa a lectura. O meu preferido, sen ningunha dúbida, “O conto que nunca lin”, que é así, tan espiral e tan borgiano. “As voltas do cerebro son aínda máis inescrutables ca os camiños do Señor”.

DOBAO, Antón, *Incertos*, Ed. Xerais, Vigo, 2008, 149 páxinas.